



**REFERENCIA DO CONSELLO DA XUNTA DE GALICIA
QUE TIVO LUGAR EN SAN CAETANO
O 12 DE MAIO DE 2021,
BAIXO A PRESIDENCIA DE
ALBERTO NÚÑEZ FEIJÓO**

DECRETOS

CONSELLERÍA DE CULTURA, EDUCACIÓN E UNIVERSIDADE

- Decreto polo que se aproba a oferta de emprego público correspondente a prazas de persoal funcionario dos corpos docentes que imparten as ensinanzas reguladas na Lei orgánica 2/2006, do 3 de maio, de educación, para o ano 2021.

ACORDOS

VICEPRESIDENCIA PRIMEIRA E CONSELLERÍA DE PRESIDENCIA, XUSTIZA E TURISMO

- Acordo polo que se autoriza a sinatura do convenio de colaboración entre a Secretaría Xeral para o Deporte e o Concello de Ribeira para acometer a execución das obras de ampliación e mellora do complexo deportivo da Fieiteira, cun investimento dun millón trinta e nove mil novecentos oitenta e dous euros con cincuenta e tres céntimos (1.039.982,53€) IVE incluído.

VICEPRESIDENCIA SEGUNDA E CONSELLERÍA DE ECONOMÍA, EMPRESA E INNOVACIÓN

- Acordo polo que se autoriza a Axencia Galega de Innovación para realizar pagamentos anticipados ata o 80% da subvención concedida e para eximir da obriga de constituír garantías, polo importe dos pagamentos anticipados e á conta, de acordo cos artigos 63.3 e 67.4, respectivamente, do Decreto 11/2009, do 8 de xaneiro, polo que se aproba o Regulamento da Lei 9/2007, do 13 de xuño, de subvencións de Galicia, na Resolución pola que se establecen as bases reguladoras para a concesión, en réxime de concorrencia non competitiva, das subvencións para a consolidación e a estruturación de unidades de investigación competitivas nos centros tecnolóxicos consolidados de Galicia, e se procede á súa convocatoria para o ano 2021, por importe de seis millóns douscentos mil euros (6.200.000,00€).
- Acordo polo que se autoriza que os pagamentos anticipados poidan acadar ata o 80% da subvención concedida e a exención da constitución de garantías polos



INFORMACIÓN AOS MEDIOS

citados pagamentos, no convenio de colaboración entre a Axencia Galega de Innovación e a Fundación Instituto de Investigación Sanitaria de Santiago de Compostela (FIDIS) para o desenvolvemento de programas de I+D+i no período 2021-2022, por importe de setecentos corenta e catro mil euros (744.000,00€).

- Acordo polo que se autoriza que os pagamentos anticipados poidan acadar ata o 82,78% da subvención concedida, no convenio de colaboración entre a Axencia Galega de Innovación e a Fundación Pública Galega de Medicina Xenómica para o desenvolvemento de programas de I+D+i no período 2021-2022, por importe de sesenta e un mil euros (61.000,00€).
- Acordo polo que se autoriza que os pagamentos anticipados poidan acadar ata o 80% da subvención concedida e a exención da constitución de garantías polos citados pagamentos, no convenio de colaboración entre a Axencia Galega de Innovación e a Fundación Biomédica Galicia Sur para o desenvolvemento de programas de I+D+i no período 2021-2022, por importe de trescentos oitenta e nove mil euros (389.000,00€).
- Acordo polo que se autoriza que os pagamentos anticipados poidan acadar ata o 80% da subvención concedida, no convenio de colaboración entre a Axencia Galega de Innovación e a Axencia Estatal Consello Superior de Investigacións Científicas, M.P. (CSIC) para o desenvolvemento de programas de I+D+i nos institutos de investigación do CSIC e nos centros oceanográficos do Instituto Español de Oceanografía (CSIC-IEO), centro nacional do CSIC, radicados na Comunidade Autónoma de Galicia no período 2021-2022, por importe dun millón douscentos corenta e cinco mil euros (1.245.000,00€).
- Acordo polo que se autoriza que os pagamentos anticipados poidan acadar ata o 80% da subvención concedida e a exención da constitución de garantías polos citados pagamentos, no convenio de colaboración entre a Axencia Galega de Innovación e a Fundación Profesor Novoa Santos para o desenvolvemento de programas de I+D+i no período 2021-2022, por importe de cincocentos setenta e sete mil euros (577.000,00€).

CONSELLERÍA DE MEDIO AMBIENTE, TERRITORIO E VIVENDA

- Acordo polo que se autoriza a tramitación do proxecto de decreto polo que se crea a Xunta Consultiva en materia de ordenación do territorio e urbanismo.

CONSELLERÍA DE INFRAESTRUTURAS E MOBILIDADE



INFORMACIÓN AOS MEDIOS

- Acordo polo que se autoriza a sinatura do convenio de colaboración entre a entidade pública empresarial Augas de Galicia e o Concello de Gondomar para a mellora da drenaxe da confluencia dos ríos Miñor e Zamáns en Gondomar (Pontevedra)", cofinanciada pola Unión Europea a través do Fondo Europeo de Desenvolvemento Rexional (Feder) nun 80%, no marco do Programa operativo Feder Galicia 2014-2020, por importe de dous millóns seiscientos cincuenta mil euros (2.650.000,00 €).
- Acordo polo que se autoriza a obra denominada "Reforma interior e reorganización da ocupación do Complexo Administrativo de San Caetano. Fase 1-A. Rehabilitación e reforma da envolvente para a mellora enerxética do edificio posterior esquerdo", clave AC/21/022.80.1, cun orzamento base de licitación de cinco millóns trescentos cincuenta e un mil cincocentos corenta e dous euros con corenta e oito céntimos (5.351.542,48€) e un valor estimado de catro millóns catrocentos vinte e dous mil setecentos sesenta e dous euros con trinta e oito céntimos (4.422.762,38€).

CONSELLERÍA DE CULTURA, EDUCACIÓN E UNIVERSIDADE

- Acordo de creación e cualificación, como colección museográfica, do centro MUVICLA (Colección Museográfica Viva e Integrada do Campo e a Locomoción Agraria).
- Acordo polo que se autoriza a sinatura dun convenio de colaboración entre a Consellería de Cultura, Educación e Universidade e Aceesca, Asociación de Apoio a Persoas con Diversidade Intelectual para posibilitar o desprazamento de alumnado discapacitado ao CEEPR Aceesca, polo importe máximo de cento vinte e un mil cento un euros con sesenta e seis céntimos (121.101,66€).
- Acordo polo que se autoriza a sinatura dun convenio de colaboración entre a Consellería de Cultura, Educación e Universidade e a Asociación de Atención a la Parálisis Cerebral y Afines AMENCER-ASPACE para posibilitar o desprazamento de alumnado discapacitado ao CEEPR Amencer-Aspace e ao CEEPR Princesa Letizia, polo importe máximo de cento doce mil cento trinta e nove euros con catorce céntimos (112.139,14€).
- Acordo polo que se autoriza a sinatura dun convenio de colaboración entre a Consellería de Cultura, Educación e Universidade e AMICOS, Asociación para a Atención e Integración de Persoas con Discapacidade Intelectual, Autismo Parálise-Dano Cerebral e as súas Familias para posibilitar o desprazamento de alumnado discapacitado ao CEEPR Amicos, polo importe máximo de cento nove mil novecentos oitenta e un euros (109.981,00€).



INFORMACIÓN AOS MEDIOS

- Acordo polo que se autoriza a sinatura dun convenio de colaboración entre a Consellería de Cultura, Educación e Universidade e a Asociación de Padres de Personas con Parálisis Cerebral (ASPACE) para posibilitar o desprazamento de alumnado discapacitado ao CEEPR Aspace, polo importe máximo de oitenta e catro mil douscentos vinte e tres euros con oitenta e catro céntimos (84.223,84€).
- Acordo polo que se autoriza a sinatura dun convenio de colaboración entre a Consellería de Cultura, Educación e Universidade e a Asociación de Padres de Personas con Trastorno do Espectro Autista (TEA) de la Provincia de A Coruña (Aspanaes) para posibilitar o desprazamento de alumnado discapacitado aos CEEPR Aspanaes A Coruña, ASPANAES Duques de Lugo, ASPANAES Ferrol e Aspanaes As Pontes, polo importe máximo de douscentos sesenta e catro mil catrocentos cincuenta e sete euros con dezaseis céntimos (264.457,16).
- Acordo polo que se autoriza a sinatura dun convenio de colaboración entre a Consellería de Cultura, Educación e Universidade e a Asociación en Favor de las Personas con Discapacidad Intelectual de la Provincia de Pontevedra (Aspanaex) para posibilitar o desprazamento de alumnado discapacitado ao CEEPR Aspanaex, polo importe máximo de trinta e tres mil setecentos noventa e dous euros con vinte e catro céntimos (33.792,24€).
- Acordo polo que se autoriza a sinatura dun convenio de colaboración entre a Consellería de Cultura, Educación e Universidade e a Asociación Pro Personas con Discapacidad Intelectual de Galicia (Aspronaga) para posibilitar o desprazamento de alumnado discapacitado ao CEEPR Nuestra Señora de Lourdes, polo importe máximo de sesenta e tres mil catrocentos vinte e nove euros con trinta e dous céntimos (63.429,32€).
- Acordo polo que se autoriza a sinatura dun convenio de colaboración entre a Consellería de Cultura, Educación e Universidade e a Asociación Autismo Bata para posibilitar o desprazamento de alumnado discapacitado ao CEEPR Bata-Os Mecos, polo importe máximo de dez mil novecientos cincuenta e un euros con corenta e oito céntimos (10.951,48€).
- Acordo polo que se autoriza a sinatura dun convenio de colaboración entre a Consellería de Cultura, Educación e Universidade e I-LAB Centro Especial de Empleo, S.L. para posibilitar o desprazamento de alumnado discapacitado a centros educativos radicados na provincia da Coruña, polo importe máximo de setenta e cinco mil cincocentos trinta e sete euros con oito céntimos (75.537,08€).



INFORMACIÓN AOS MEDIOS

- Acordo polo que se autoriza a sinatura dun convenio de colaboración entre a Consellería de Cultura, Educación e Universidade e a Asociación Autismo Ourense para posibilitar o desprazamento de alumnado discapacitado ao CEEPR Ilustre Mestre, polo importe máximo de vinte e cinco mil cento vinte e nove euros con setenta e catro céntimos (25.129,74€).
- Acordo polo que se autoriza a sinatura dun convenio de colaboración entre a Consellería de Cultura, Educación e Universidade e a entidade Hogar y Clínica San Rafael de Vigo para posibilitar o desprazamento de alumnado discapacitado ao CEEPR HC San Rafael de Vigo, polo importe máximo de trece mil novecentos oitenta e sete euros con corenta e oito céntimos (13.987,48€).
- Acordo polo que se autoriza a sinatura dun convenio de colaboración entre a Consellería de Cultura, Educación e Universidade e a Asociación Benéfica Social de Padres y Amigos de la Esperanza del Val Miñor para posibilitar o desprazamento de alumnado discapacitado ao CEEPR Juan María, polo importe máximo de cincuenta mil douscentos sesenta e oito euros con corenta e oito céntimos (50.268,48€).
- Acordo polo que se autoriza a sinatura dun convenio de colaboración entre a Consellería de Cultura, Educación e Universidade e ASCM Ferrolterra, S.L. para posibilitar o desprazamento de alumnado discapacitado a centros educativos radicados na provincia da Coruña, polo importe máximo de cincuenta e dous mil douscentos sesenta e seis euros con oitenta e catro céntimos (52.266,84€)
- Acordo polo que se autoriza a sinatura dun convenio de colaboración entre a Consellería de Cultura, Educación e Universidade e a Deputación Provincial da Coruña, para o funcionamento do centro Rafael Puga Ramón durante o curso escolar 2021/22, por importe de catrocentos noventa mil noventa e seis euros con cincuenta céntimos (490.096,50€).
- Acordo polo que se autoriza a sinatura dun convenio de colaboración entre a Consellería de Cultura, Educación e Universidade e a Deputación Provincial da Coruña, para o funcionamento do centro de formación profesional Rosalía Mera durante o curso escolar 2021/22, por importe total de cento seis mil novecentos vinte e cinco euros con sesenta e un céntimos (106.925,61€).

CONSELLERÍA DE SANIDADE

- Acordo polo que se autoriza a contratación para a subministración e o mantemento integral de sete sistemas cirúrxicos robotizados Da Vinci con destino a hospitais do Servizo Galego de Saúde e actualizacións de software



INFORMACIÓN AOS MEDIOS

durante a súa vida útil, por un importe total de vinte millóns cincocentos nove mil cincocentos euros (20.509.500,00 €), IVE incluído, e un valor estimado do contrato de dezaoto millóns catrocenos vinte mil euros (18.420.000,00 €), sen IVE.

INFORMES

VICEPRESIDENCIA SEGUNDA E CONSELLERÍA DE ECONOMÍA, EMPRESA E INNOVACIÓN

- Informe sobre a convocatoria de axudas a proxectos de enerxías renovables térmicas, destinadas a empresas e autónomos, entidades sen ánimo de lucro e concellos.

CONSELLERÍA DE MEDIO AMBIENTE, TERRITORIO E VIVENDA

- Informe de seguimento da Estratexia galega de cambio climático e enerxía 2050.

CONSELLERÍA DE SANIDADE

- Informe polo que se dá conta ao Consello da Xunta de Galicia da contratación, polo trámite de urxencia, da realización de diversas actuacións e subministracións para a Área Sanitaria da Coruña e Cee, para facer fronte á pandemia da COVID-19, por importe de corenta e catro mil cento vinte e catro euros con vinte céntimos (44.124,20 €).
- Informe polo que se dá conta ao Consello da Xunta de Galicia da contratación, polo trámite de urxencia, da subministración de material sanitario e outros consumibles para a realización de programas de cribado e diagnóstico e para a campaña de vacinación da COVID-19, por importe dun millón cento vinte e oito mil cincocentos cincuenta euros, IVE incluído (1.128.550,00 €).

CONSELLERÍA DE MEDIO RURAL

- Informe sobre o programa de consumo de leite e froita nas escolas.

A OPE DE 2021 ELEVA A 10.655 AS PRAZAS CONVOCADAS POLA XUNTA NO EIDO DOCENTE NOS ÚLTIMOS CINCO ANOS

- *O Consello do Goberno galego aproba unha nova oferta de 1.604 prazas, cuxas probas se desenvolverán no ano 2022*

O Consello da Xunta deu hoxe luz verde á oferta pública de emprego docente do ano 2021, que eleva a 10.655 o número de prazas convocadas polo Goberno galego no eido educativo nos últimos cinco anos (2017-2021).

En concreto, a OPE da Consellería de Cultura, Educación e Universidade para este 2021 conta con 1.604 prazas, das cales máis do 85% serán de novo ingreso, un total de 1.372. As restantes 232 serán para a promoción interna. Como é normativo, reservárase unha cota do 7% do conxunto para seren cubertas por persoas cun grao de discapacidade igual ou superior ao 33%.

Por corpos, a distribución de prazas será a seguinte:

	Novo ingreso	Promoción interna	Total
Mestres	652		652
Profesores de ensino secundario	692	230	922
Profesores de escolas oficiais de idiomas (EOI)	20		20
Profesores de artes plásticas e deseño	8	2	10
TOTAIS	1.372	232	1.604

As probas correspondentes a esta OPE de 2021 realizaranse no ano 2022, dado que neste 2021 se desenvolverán as relativas á OPE de 2020 (non se puideron realizar o ano pasado por mor da pandemia). As prazas por especialidades determinaranse unha vez que se coñezan as necesidades concretas do sistema educativo para os seguintes cursos académicos, e serán abordadas coas organizacións sindicais na mesa sectorial.

Con esta nova OPE, a Xunta de Galicia reafirma o seu compromiso coa calidade do ensino promovendo as mellores condicións para o seu pilar fundamental, o profesorado. Non en balde, a finalidade última é avanzar na estabilización dos docentes, co obxectivo de achegar o sistema educativo galego ao obxectivo do 5% de interinidade no curso académico 2022/23.

O COMPLEXO DEPORTIVO DA FIETEIRA, NO CONCELLO DE RIBEIRA, SERÁ AMPLIADO E MELLORADO CUN MÓDULO DE ATLETISMO DE MÁIS DUN MILLÓN DE EUROS

- *Ademais do módulo de atletismo, tamén se levará a cabo un módulo de taekwondo para responder as demandas dos deportistas de Ribeira e de toda a comarca da Barbanza, que contan con referentes de primeiro nivel nestas modalidades como Ana Peleteiro ou o Natural Sport Videlgi*

O Consello da Xunta deu luz verde ao convenio de colaboración entre a Secretaría Xeral para o Deporte da Xunta de Galicia e o Concello de Ribeira para acometer a execución das obras de ampliación e mellora do complexo deportivo A Fieiteira cun investimento de máis dun millón de euros (1.039.982,53 euros). A Secretaría Xeral para o Deporte achegará a totalidade de 600.000 euros (500.000 euros nesta anualidade e 100.000 en 2022) mentres que o Concello de Ribeira contribuirá coa cantidade restante. O complexo deportivo A Fieiteira conta na actualidade cunha pista atletismo aire libre, dous campos de fútbol, piscina, polideportivo, ximnasio e mesmo unha pista *pump track*. Un dos puntos destacados desta actuación será a construción dun módulo cuberto homologado para as probas de velocidade, saltos e lanzamentos. Contará tamén con cabina para *foto finish* e terá un espazo de actuación duns 1.900 metros cadrados.

Ademais, a placa interior da obra albergará na súa parte inferior o almacén, dous vestiarios e ximnasio e na súa parte superior, nun espazo duns 300 metros cadrados, un módulo de *taekwondo* con tres tatamis, que será a base do centro de tecnificación desta disciplina.

Tanto o módulo de atletismo como o de *taekwondo* responden a dúas demandas dos deportistas de Ribeira e da comarca da Barbanza, que contan con referentes de primeiro nivel para todo o deporte galego. Por unha banda, Ana Peleteiro conta con varias medallas internacionais, ademais de posuír o récord de España de triplo salto feminino. Por outra banda, o Natural Sport Videlgi é un dos clubs de *taekwondo* máis laureados de Galicia.

Este novo pulo do Goberno galego polo atletismo súmase á construción da mellor pista cuberta de atletismo de España en Ourense, doutro módulo de atletismo no IFEVI de Vigo e da continua aposta pola remodelación das pistas de Balaídos.

A Secretaría Xeral para o Deporte afianza así o seu compromiso coas infraestruturas deportivas. Dos 32.474.216 euros con que conta en 2021 (un 28,5% máis que en 2020), 9,15 millóns serán destinados a obras de creación e reforma de infraestrutura

INFORMACIÓN AOS MEDIOS

deportiva, un 118% máis que en 2020, cando se destinaron ao mesmo obxecto 4,2 millóns de euros.



A XUNTA RATIFICA A SÚA APOSTA POLA CAPTACIÓN E RETENCIÓN DE TALENTO DEDICANDO MÁIS DE 9M€ A CONSOLIDAR O LABOR DOS CENTROS TECNOLÓXICOS E DE APOIO Á INVESTIGACIÓN E Á INNOVACIÓN EN GALICIA

- *A Vicepresidencia Segunda e Consellería de Economía, Empresa e Innovación renova a convocatoria destas axudas para favorecer a potenciación de liñas estratéxicas de investigación e a súa transferencia ao mercado*
- *Os apoios diríxense aos sete centros tecnolóxicos de Galicia e aos dous de apoio á innovación tecnolóxica que figuran no Rexistro estatal, así como ás fundacións de investigación sanitaria da Comunidade e aos centros galegos de investigación do CSIC e do Instituto Español de Oceanografía*
- *Este tipo de actuacións promove a excelencia científico-técnica e a posta en valor da investigación, ao tempo que impulsa a colaboración co tecido empresarial e a captación de fondos europeos de I+D+i*
- *Nos últimos 8 anos a Xunta destinou máis de 28 millóns a esta iniciativa que permitiu a creación ou o mantemento de 900 postos de traballo cualificados*

A Vicepresidencia Segunda e Consellería de Economía, Empresa e Innovación, a través da Axencia Galega de Innovación (Gain), seguirá apostando polo talento e o I+D+i galego impulsando o labor dos centros tecnolóxicos e de apoio á innovación coa convocatoria para a consolidación e estruturación de unidades de investigación competitivas, así como das fundacións de investigación sanitaria de Galicia e os centros de investigación do CSIC e de oceanografía mediante a sinatura de contratos-programa. En total, a Xunta destinará 9,2 millóns de euros a estes centros co obxectivo de potenciar as súas liñas estratéxicas de investigación e a súa transferencia ao mercado, á vez que se impulsa a competitividade e a captación e retención de talento.

Trátase de axudas plurianuais que comprenden os anos 2021 e 2022, para proporcionarlles aos centros tecnolóxicos e ás outras entidades un horizonte de certeza económica que lles permita planificar e executar coa programación adecuada as actividades de I+D+i que pretenden realizar.

Por unha banda, destínanse 6,2M€ á convocatoria de axudas para a consolidación e estruturación de centros tecnolóxicos e de apoio á innovación tecnolóxica de Galicia, que figuran no Rexistro estatal do Ministerio de Ciencia e Innovación e no cal están os sete centros tecnolóxicos de Galicia: Aimen, Centro Tecnolóxico de Telecomunicacións de Galicia (Gradient), Anfaco-Cecopesca, Centro Tecnolóxico de Automoción de Galicia (CTAG), Instituto Tecnolóxico de Galicia (ITG), EnergyLab e o Centro Tecnolóxico de Investigación Multisectorial (Cetim). Tamén se inclúen os dous centros de apoio á innovación tecnolóxica: Centro Tecnolóxico da Auga (Cetaqua) e o Clúster de Acuicultura de Galicia (Cetga).

INFORMACIÓN AOS MEDIOS

As axudas distribúense en función de 17 indicadores que valoran a perspectiva financeira, de resultados e excelencia, e de persoal e igualdade de xénero de cada centro. Mantéñense os indicadores, limiares e puntuación da convocatoria anterior. Apoiarase o custo de persoal investigador ou de apoio, material bibliográfico e funxible, custos de formación do persoal do centro e outros gastos ata un máximo do 10% da axuda concedida. Deste xeito, as axudas teñen un gran potencial para a atracción e retención de talento mediante actuacións centradas no capital humano, na liña de programas como Principia, Oportunius ou Talento Sénior.

Por outra parte, resérvanse 3M€ á sinatura de contratos-programa cos centros de investigación sanitaria da Fundación Profesor Novoa Santos, Fundación Instituto de Investigación Sanitaria de Santiago de Compostela (Fidis), Fundación Biomédica Galicia Sur e a Fundación Pública Galega de Medicina Xenómica, así como cos centros galegos do Instituto Español de Oceanografía (na Coruña e Vigo) e do Consello Superior de Investigacións Científicas (CSIC).

Os contratos-programa son unha fórmula que garante a súa competitividade e que implica o cumprimento de exixentes indicadores de xestión e de resultados por parte de cada centro para determinar as súas dotacións.

Promóvense así a excelencia científico-técnica e a posta en valor do coñecemento, impulsando tamén a colaboración co tecido empresarial para potenciar o impacto na competitividade das empresas e o crecemento da economía galega, e fomentando a participación e captación de fondos dos programas europeos de I+D+i para posicionar a investigación realizada en Galicia.

Nos últimos oito anos a Xunta destinou máis de 28,7 millóns de euros a estas iniciativas que permitiron a creación ou o mantemento de 900 postos de traballo cualificados.

Esta actuación encádrase na Estratexia de especialización intelixente (RIS3) de Galicia, que ten como finalidade a consolidación dos centros de coñecemento a través do funcionamento dos seus gastos estruturais. Complementa, ademais, outros apoios á disposición destes centros, como os programas de apoio á adquisición de infraestruturas de alta calidade, Conecta Peme, Unidades Mixtas ou Fábrica Intelixente, que están deseñados para unha activa participación destas entidades que, co seu traballo, contribúen ao avance da dixitalización do tecido galego, un obxectivo prioritario das políticas europeas no novo contexto económico.



O GOBERNO GALEGO PORÁ EN MARCHA A XUNTA CONSULTIVA DE URBANISMO PARA RESOLVER DÚBIDAS NESTA MATERIA E AXILIZAR OS EXPEDIENTES ADMINISTRATIVOS A NIVEL LOCAL E AUTONÓMICO

- *O Consello autorizou iniciar a tramitación do decreto polo que se crea este órgano asesor, previsto na Lei do solo, e que comezará a operar no último trimestre de 2021*
- *A Xunta Consultiva en materia de ordenación do territorio e urbanismo substituirá a actual Comisión de Urbanismo e asumirá as súas funcións e tamén outras novas*
- *Entre as novas competencias cómpre subliñar que poderá emitir ditames sobre a interpretación e a aplicación da normativa sectorial vixente, redactará informes sobre proxectos normativos relacionados coa materia e aprobará e presentará unha memoria anual sobre a ordenación do territorio e o urbanismo na Comunidade*
- *Poderán facerlle consultas sobre cuestións de carácter urbanístico ou territorial a propia Administración xeral autonómica e organismos dependentes, as entidades locais, os colexios profesionais e as organizacións empresariais do sector*

O Goberno galego porá en marcha no último trimestre deste ano a Xunta Consultiva en materia de ordenación do territorio e urbanismo, con funcións específicas de consulta e asesoramento e cuxa creación está prevista na Lei do solo de 2016. Así o acordou o Consello da Xunta na súa reunión desta mañá, durante a cal autorizou iniciar a tramitación do decreto polo que se crea este novo órgano en substitución da actual Comisión Superior de Urbanismo de Galicia.

Coa posta en marcha da nova Xunta Consultiva, presidida pola conselleira de Medio Ambiente, Territorio e Vivenda, búscase facilitarles aos distintos operadores técnicos e xurídicos que traballan no eido do territorio e do urbanismo o desenvolvemento das súas funcións, ao tempo que se contribúe á axilización dos diferentes expedientes administrativos necesarios para obter un permiso, autorización ou licenza.

Precisamente, a propia complexidade da materia e a crecente demanda por parte das administracións públicas e de diversos colectivos profesionais dun órgano dedicado a prestar asesoramento e tutela á hora de interpretar e aplicar a normativa vixente, aconsellan a posta en marcha desta nova xunta consultiva.

Ademais, a recente entrada en vigor da nova Lei de ordenación do territorio fai prever un incremento dos informes sobre cuestións relacionadas con esta materia, unha tendencia que, de feito, xa se está empezando a notar.

Para cumprir estes obxectivos, o futuro organismo integrará como propias as funcións da actual Comisión Superior de Urbanismo, é dicir, emitir os informes e ditames que,

INFORMACIÓN AOS MEDIOS

con carácter preceptivo, veñan exixidos por calquera disposición legal ou regulamentaria –informar do Plan básico autonómico, dos plans básicos municipais ou dos proxectos públicos de urxencia ou excepcional interese-, así como informar sobre cantos asuntos sexan sometidos a consulta por parte do titular da consellería con competencias na materia.

Pero, ademais, tamén asumirá unha serie de funcións novas entre as cales cómpre subliñar o asesoramento e a emisión de ditames sobre a aplicación e interpretación da normativa sectorial vixente, e poderá ser consultada a este respecto tanto pola propia Administración autonómica e organismos dependentes como polas entidades locais, colexios profesionais e organizacións empresariais de sectores afectados polo urbanismo e a ordenación territorial.

Outra das novas utilidades da futura Xunta Consultiva será a de emitir informe sobre os proxectos e anteprojectos normativos impulsados pola Xunta que afecten a ordenación do territorio e o urbanismo, así como asesorar a consellería competente na materia nos procedementos contencioso-administrativos en que sexa parte.

Do mesmo xeito, como órgano de carácter consultivo que é, tamén poderá propoñer as instrucións e medidas que considere precisas para mellorar a eficacia da ordenación territorial e do urbanismo en Galicia; realizar estudos e investigacións sobre esta temática, e aprobar unha memoria anual sobre o estado da ordenación do territorio e o urbanismo na Comunidade desde o punto de vista administrativo e técnico.

En todo caso, os seus informes e ditames non serán vinculantes, pero si terán carácter de elemento interpretativo da norma ou da situación que sexa obxecto do seu exame.

Colaboración ante as dúbidas e cuestións

Neste sentido, a Xunta Consultiva en materia de ordenación do territorio e urbanismo nace con vocación de ser un órgano que dinamice a tramitación dos expedientes administrativos, tanto a nivel local como autonómico, na medida en que prestará a súa colaboración ante as dúbidas e cuestións que poidan xurdir na súa tramitación. En definitiva, o que se pretende é contribuír á simplificación, axilidade e eficacia na tramitación dos procedementos, no marco do principio de colaboración coas entidades e administracións que así o precisen, a través do asesoramento sobre aqueles aspectos que sexan requiridos.

Igualmente, darase cumprimento aos principios de publicidade e transparencia, xa que todos os informes e consultas que emita a Xunta Consultiva pasarán a publicarse na web da Consellería de Medio Ambiente, Territorio e Vivenda e tamén -cando estea en funcionamento- na Plataforma urbanística dixital de Galicia, o que exige unha

INFORMACIÓN AOS MEDIOS

actualización dinámica e en tempo real da información que se pon á disposición dos interesados.

Precisamente, co fin de garantir ese carácter áxil e operativo no seu funcionamento, o decreto de creación da Xunta Consultiva introduce cambios respecto da composición actual da Comisión Superior de Urbanismo. Entre os máis destacados cómpre subliñar a incorporación, como novos membros, do director do Instituto de Estudos do Territorio, do responsable de Augas de Galicia e do asesor xurídico da Consellería de Medio Ambiente, ademais dos titulares de todas as direccións xerais con competencias sectoriais que teñan especial incidencia nos asuntos relacionados co urbanismo e o territorio.



O CONSELLO DA XUNTA AUTORIZA O INVESTIMENTO DE MÁIS DE 2,6 MILLÓNS DE EUROS NAS OBRAS NECESARIAS PARA MINIMIZAR O RISCO DE INUNDACIÓNS NOS RÍOS MIÑOR E ZAMÁNS, NO CONCELLO DE GONDOMAR

- *Trátase de executar un conxunto de actuacións para mellorar a drenaxe na confluencia destes ríos e reducir os efectos dos asolagamentos no núcleo urbano*
- *O Goberno galego asinará un convenio co Concello co compromiso de asumir integramente o financiamento, a contratación e a execución das obras*
- *A Administración local deberá pór á disposición os terreos necesarios, tramitar as autorizacións para as obras e asumir posteriormente as actuacións realizadas*
- *Intervirase no treito do río Miñor que vai da ponte da avenida do Conde de Gondomar ata a ponte da avenida Curros Enríquez, e no treito do río Zamáns entre a ponte da avenida Elduayen e a súa desembocadura no Miñor*
- *A Xunta segue apostando pola colaboración entre as administracións e axentes implicados para estar mellor preparados fronte ao risco de inundacións e acadar unha máis rápida e mellor recuperación fronte ás súas posibles consecuencias*

A Xunta colaborará co Concello de Gondomar para minimizar o risco de inundacións nos ríos Miñor e Zamáns, ao seu paso por este municipio pontevedrés, cun investimento autonómico que supera os 2,6 millóns de euros.

O Consello da Xunta autorizou hoxe a sinatura dun convenio de colaboración entre Augas de Galicia e o Concello de Gondomar para levar a cabo as obras necesarias para mellorar a drenaxe na confluencia destes ríos ao seu paso polo municipio de Gondomar, para minimizar as posibles consecuencias do seu desbordamento nesta zona cualificada como de risco potencial significativo de inundacións.

Trátase de intervencións estruturais no treito do río Miñor, entre a ponte situada na avenida do Conde de Gondomar -augas arriba do antigo colexio- e a ponte da avenida Curros Enríquez; e no treito do río Zamáns, desde a ponte que hai na avenida Elduayen ata a súa desembocadura no río Miñor.

No cumprimento do obxecto do convenio autorizado hoxe polo Goberno galego, a entidade hidráulica da Xunta asume integramente o financiamento das actuacións destinadas a reducir os efectos negativos dos asolagamentos nesta área. As obras estarán cofinanciadas no marco do programa operativo Feder Galicia 2014-2020.

Augas de Galicia levará a cabo a contratación e execución das obras, así como a súa dirección e xestión ata completar a súa finalización.

Pola súa banda, mediante este acordo o Concello de Gondomar asume a posta á disposición e xestión dos terreos necesarios, tal e como establecen os convenios de



INFORMACIÓN AOS MEDIOS

colaboración destas características en todas as confederacións hidrográficas e de acordo coa instrución do propio Ministerio para a Transición Ecolóxica. Tamén asume a obriga de conseguir as autorizacións necesarias para a execución dos traballos, de recibir as obras, así como o seu mantemento e conservación, empregando as instalacións executadas de acordo coa finalidade prevista.

O detalle das actuacións

O concello de Gondomar, nos últimos anos, foi afectado por choivas e temporais que ocasionaron o desbordamento dos seus ríos ao paso polo núcleo urbano.

As actuacións obxecto do convenio autorizado hoxe polo Executivo autonómico, que buscan minimizar os asolagamentos neste contorno, están recollidas no Plan de xestión específico realizado na área de risco potencial significativo de inundacións dos ríos Miñor e Zamáns, nos cales Augas de Galicia previu as distintas opcións para o desenvolvemento de intervencións que contribúan a minimizar o risco de inundación.

Nas obras previstas destaca a actuación no río Miñor, coa demolición da ponte da avenida Curros Enríquez e a construción dunha nova estrutura neste río sobre a estrada autonómica PO-340, de case 85 metros de lonxitude e con tres vans.

Tamén se propón a execución dunha canle de alivio baixo o novo viaduto, conectando os ríos Zamáns e Miñor para que funcione a modo de desaugadoiro complementario no caso de episodio de inundacións, así como actuacións nos muros do río Zamáns, elevando a altura do valo existente e executando outro muro pantalla que substitúa o actual, que está danado.

Ademais, actuarase no rebaixe do río Miñor e adecuarase a zona, eliminando o recheo xunto ao campo de fútbol na marxe esquerda, con actuacións nos paseos, accesos ás pasarelas e outras adaptacións necesarias para mellorar a accesibilidade.

A estas intervencións principais sumaranse outras actuacións complementarias, como a adecuación e mellora da zona do paseo Carlos Casares, a limpeza dos leitos de ambos os ríos e a recuperación do bosque de ribeira.

Plan de xestión específico da área de risco potencial significativo de inundación

Augas de Galicia redacta e revisa cada seis anos a avaliación preliminar do risco de inundacións da demarcación hidrográfica Galicia-Costa. Desde o 1 de maio e ata o vindeiro 30 de xullo está aberto á participación pública o novo Plan de xestión de risco de inundacións 2021-2027, que se espera aprobar a finais de ano.

En paralelo, Augas de Galicia está a desenvolver os plans específicos de xestión en 9 zonas fluviais con maior risco de inundacións. Trátase das contornas do río Umia, en Caldas de Reis e Portas; Ulla-Sar, en Padrón, Dodro, Rianxo, Rois, Catoira,

INFORMACIÓN AOS MEDIOS

Pontecesures e Valga; o Anllóns, en Carballo; Campeda, en Vimianzo; Fontecova e Trasposta, en Viveiro; Baíña e o Groba, en Baiona; así como no Lagares, en Vigo.

Estes plans recollen medidas e actuacións paliativas e preventivas de aplicación polas distintas administracións, Xunta e concellos, para minimizar o risco de enchentes.

O Goberno galego segue apostando pola colaboración entre as administracións e axentes implicados para estar máis preparados fronte ao risco de inundacións e acadar unha máis rápida e mellor recuperación fronte ás súas posibles consecuencias

O CONSELLO DA XUNTA AUTORIZA A LICITACIÓN DAS OBRAS DE MELLORA ENERXÉTICA DO EDIFICIO DOS ESPELLOS DO COMPLEXO ADMINISTRATIVO DE SAN CAETANO CUN INVESTIMENTO DE MÁIS DE 5,3 MILLÓNS DE EUROS

- *A Consellería de Infraestruturas e Mobilidade licitará nos vindeiros días a actuación que, cun prazo de 12 meses, se executará entre este ano e 2022*
- *Trátase de mellorar a eficiencia enerxética no edificio posterior esquerdo da Xunta en San Caetano e optimizar a súa integración urbanística no complexo*
- *O proxecto contribuirá a reducir en case o 60% o consumo de enerxía primaria non renovable e a evitar a emisión de 104,20 toneladas de CO2 cada ano*
- *Os traballos inclúen a colocación de illamento térmico nas cubertas, así como a substitución completa das fachadas, con fiestras de dobre cristal*
- *A intervención prevé unha nova instalación de climatización, ventilación con renovación de aire e recuperación de calor, coa achega de enerxías renovables*

O Consello da Xunta autorizou hoxe a contratación das obras de mellora enerxética do Edificio dos Espellos do Complexo Administrativo de San Caetano, que suporán un investimento de máis de 5,3 millóns de euros.

A Consellería de Infraestruturas e Mobilidade licitará nos vindeiros días o contrato para a execución destas actuacións, que se acometerán entre os anos 2021 e 2022, cun prazo de execución das obras de 12 meses. Os traballos contarán con cofinanciamento do programa de fondos europeos Feder.

Esta intervención inclúe as actuacións necesarias para mellorar a eficiencia enerxética do edificio administrativo posterior esquerdo das instalacións centrais da Xunta de Galicia no complexo de San Caetano, o denominado Edificio dos Espellos, cuxa construción orixinal data do ano 1985.

Os obxectivos desta iniciativa son reducir o consumo de enerxía e as emisións de gases de efecto invernadoiro e acadar unha mellor integración urbanística do edificio no complexo San Caetano. Para isto, adoptaranse criterios construtivos que propicien unha imaxe en harmonía cos outros edificios, que foron recentemente rehabilitados na súa envolvente.

Os traballos proxectados para optimizar o comportamento enerxético do citado edificio levaranse a cabo na cuberta inclinada, coa colocación de illamento térmico, unha capa de impermeabilizado e soporte da nova tella cerámica curva.

Nas cubertas planas efectuaranse a substitución das impermeabilizacións, a colocación de illamento térmico e o acabado desta con distinta solución, dependendo do caso.

INFORMACIÓN AOS MEDIOS

En canto ás fachadas, procederase á substitución completa das actuais. Nas partes cegas, a solución construtiva estará baseada na madeira e contará con illamento. As fiestras terán dobre cristal fixo de altas prestacións.

A intervención tamén prevé a disposición de nova instalación de climatización, incluída ventilación con renovación de aire e recuperación de calor, así como a achega de enerxías renovables como a biomasa e a solar fotovoltaica. Ademais, a actual iluminación será substituída por luminarias de tipo *led*.

A Xunta, mediante estas medidas, prevé unha redución do consumo de enerxía primaria non renovable que roldará o 60%, en comparación co estado actual, así como a obtención da cualificación enerxética A nos indicadores globais no estado reformado. Este proxecto tamén contribuirá a evitar a emisión de 104,20 toneladas de CO2 cada ano.

Imaxe do edificio tras a actuación, e integración cos edificios históricos de San Caetano:



Detalles da fachada, interior e exterior:

INFORMACIÓN AOS MEDIOS



A XUNTA INTEGRA NA REDE DE CENTROS MUSEÍSTICOS DE GALICIA A MUVICLA, ESPECIALIZADO NA EVOLUCIÓN DA CULTURA AGRARIA GALEGA

- *O Consello da Xunta recoñece como colección museográfica os fondos deste centro situado no concello lugués de Láncara, en virtude da nova Lei de museos*
- *Valorouse o seu papel singular desde o ámbito galego e estatal como divulgador dos cambios producidos na sociedade rural galega desde mediados do século XX*

A Xunta de Galicia autorizou a cualificación do centro MUVICLA, situado no concello lugués de Láncara, como colección museográfica especializada na evolución da cultura agraria e a mecanización do agro en Galicia no século XX. Así se acordou hoxe no Consello da Xunta, o que supón que queda así integrado na Rede de centros museísticos de Galicia, en virtude da nova Lei de museos. O Goberno autonómico recoñece deste xeito MUVICLA como unha iniciativa singular, tanto no ámbito galego como estatal, que ademais de manter a faceta produtiva ofrece unha opción cultural, de lecer e investigación que serve para concienciar sobre a importancia da conservación do territorio e a paisaxe.

O recoñecemento chega despois de que fose solicitado polo impulsor do centro. Unha vez estudada a documentación e realizada a pertinente visita e inspección á sede por parte dos servizos técnicos da Consellería de Cultura, Educación e Universidade, emitíuse un informe favorable para a súa creación e cualificación como colección museográfica. O recoñecemento tamén estivo avalado polo arqueólogo e profesor *ad honorem* da Universidade de Santiago, Felipe Arias, quen emitiu, por petición da Secretaría Xeral de Cultura, outro informe favorable.

Á hora de aprobar esta nova cualificación, a Xunta de Galicia valorou positivamente o contido temático de MUVICLA, especializado na evolución da cultura agraria galega, así como os seus obxectivos centrados en divulgar a evolución e o desenvolvemento da casa de labranza que lle dá soporte e, por extensión, da historia da mecanización da agricultura en Galicia. Tamén reflicte a transformación deste sector produtivo e ilustra os cambios producidos na sociedade rural galega desde mediados do século XX. Tívoise en conta, ademais, que está dotado de coleccións adecuadas, servizos museísticos, instalacións, equipamento, mobiliario, persoal e orzamentos para o cumprimento dos seus fins.

Visita pública

A partir de agora, MUVICLA será recoñecida como colección museográfica, tipificado na lei como un conxunto de bens patrimoniais de carácter cultural agrupados de xeito permanente e sen fins lucrativos que non reúnen todas as características e condicións necesarias para o seu recoñecemento como museo pero si para ser considerada unha



INFORMACIÓN AOS MEDIOS

colección visitable e cuxas persoas titulares facilitan, mediante un horario accesible e regular, a visita pública e o acceso das persoas investigadoras, e cuns fondos que gozan das atencións básicas que garanten a súa custodia e conservación.

MUVICLA terá que garantir o cumprimento dos requisitos incluídos na Lei de museos e acreditar e manter un horario estable, continuado ou periódico para a visita pública e para a investigación e consulta dos seus fondos. Tamén deberá habilitar os seus fondos de xeito accesible para a investigación, o ensino, a divulgación e a contemplación pública, así como acreditar a instalación da exposición ordenada das coleccións con criterios didácticos e manter, de forma permanente, unha exposición de pezas da súa colección con explicación mínima e accesible. Igualmente, comprométese a contar cunha persoa que exerza a administración do centro, así como con persoal cualificado suficiente cuxa formación e coñecemento se axuste aos contidos da colección, entre outros requisitos.

Máis de 200 anos de historia

O centro MUVICLA, situado no concello de Láncara, iniciou a súa andaina como proxecto museístico na primeira década deste século coa adquisición e restauración das primeiras pezas de maquinaria clásica agrícola e a construción da ampliación da sede principal do centro, a antiga corte de gando, para a exposición dos tractores restaurados.

A casa de labranza e granxa agrícola coñecida como Casa Vázquez está no lugar de Traslite, pertencente ao concello de Láncara. Con mais de 200 anos de historia, segue mantendo e desenvolvendo actividade produtiva na gandaría, cunha explotación de vacas rubias galegas de produción ecolóxica, e no sector da froita, con mazás, tamén de produción ecolóxica, para a súa transformación en sidra. A singularidade de MUVICLA radica na súa potencialidade: testemuña o pasado, amosa o presente dunha explotación viva, dinámica, que se adapta ás exixencias dun mercado en continua transformación, e proxecta o futuro da cultura do mundo rural en Galicia a través da conservación do territorio e da paisaxe.

As coleccións de MUVICLA explican, informan e investigan sobre os cambios producidos no mundo rural galego a raíz da mecanización do campo e dos novos sistemas de uso e explotación da terra, características que o converte nun centro único e singular digno de consideración, protección e promoción. O discurso expositivo abrangue sete espazos ou ámbitos agrupados en catro liñas expositivas ou bloques temáticos e de percorrido: a historia e evolución da fabricación dos tractores, a maquinaria para a colleita do cereal, as miniaturas de maquinaria agrícola e a colección de fotografías antigas e apeiros agrícolas.

INFORMACIÓN AOS MEDIOS

A presentación do discurso parte do elemento máis representativo, a historia da fabricación dos tractores, como eixe fundamental da modernización na produción agrícola para introducir o visitante nas coleccións de pezas e maquinaria agrícola, malladoiras e motosegadoras sobre todo, que completaron o proceso de industrialización do campo.

A XUNTA FACILITARÁ O SERVIZO DE TRANSPORTE ADAPTADO A PRETO DE 300 ALUMNOS CON DISCAPACIDADE O VINDEIRO CURSO

- *O Consello autoriza a sinatura de convenios de colaboración con 13 entidades para este fin, cun investimento superior a 1M€*

A Xunta de Galicia facilitará o servizo de transporte escolar adaptado a 296 alumnos o vindeiro curso 2021/22. Para iso, o Consello autorizou a sinatura de convenios por parte da Consellería de Cultura, Educación e Universidade con 13 entidades de atención a persoas con discapacidade, por un importe total de 1.017.265,46€.

En concreto, asinaranse addendas aos convenios xa subscritos coa entidade ACEESCA, Asociación de Apoio a Personas con Diversidade Intelectual, coa Asociación de Atención a la Parálisis Cerebral y Afines AMENCER—ASPACE, coa Asociación de Familias de Persoas con Discapacidade Psíquica das Comarcas da Barbanza e Noia AMICOS, coa Asociación de Padres de Personas con Parálisis Cerebral – A Coruña (Aspace), coa Asociación de Pais de Persoas con Trastornos do Espectro Autista da Provincia da Coruña (Aspanaes), coa Asociación en Favor de las Personas con Discapacidad Intelectual de la Provincia de Pontevedra (Aspanaex), coa Asociación Pro Personas con Discapacidad Intelectual de Galicia (Aspronaga), coa Asociación BATA (Bayón, Asociación para el Tratamiento del Autismo), coa Asociación Autismo Ourense, coa ASCM—Ferrolterra, S.L., con Hogar y Clínica San Rafael de Vigo, con I-LAB Centro Especial de Empleo S.L. e coa Asociación BS La Esperanza del Val Miñor.

A través destes acordos, o departamento educativo do Goberno galego farase cargo do 80% do gasto derivado da prestación do servizo de transporte, incluíndo o apoio de 63 persoas auxiliares. Pola súa banda, as asociacións comprométense a facilitar os desprazamentos cos vehículos adaptados que sexan necesarios, así como a prestar os pertinentes servizos especializados de acompañamento e atención ao alumnado trasladado.

Os convenios cobren os desprazamentos de ida e volta desde os domicilios dos rapaces aos seus centros escolares, así como a ou desde os centros en que reciban tratamento rehabilitador, cando este coincida co horario escolar. Ademais, o servizo estará adaptado ás necesidades horarias das alumnas e alumnos, moitas veces condicionadas polos tratamentos médicos que necesitan.

Compromiso coa diversidade

A colaboración acadada encádrase no compromiso do departamento educativo da Xunta de Galicia coa atención á diversidade do alumnado galego, garantindo o acceso á educación dun sector da poboación escolar galega que require unha atención

INFORMACIÓN AOS MEDIOS

específica e preferente. Non en balde, os escolares beneficiados por esta acción presentan distintos tipos de discapacidade, polo que precisan nos seus traslados ao centro educativo dunha atención específica e personalizada, de acordo coas súas necesidades físicas e psíquicas particulares.

Neste sentido, cómpre lembrar que a Xunta vai asinar tamén convenios con 14 entidades especializadas en atención á discapacidade para a prestación dos servizos de comedor escolar a 488 alumnas e alumnos en centros escolares o vindeiro curso, cun investimento de 207.784,74€.

A XUNTA APOIA O FUNCIONAMENTO DO IES RAFAEL PUGA RAMÓN E DO CENTRO DE FP ROSALÍA MERA, DEPENDENTES DA DEPUTACIÓN DA CORUÑA

- *O Consello da Xunta aprobou hoxe a renovación da colaboración coa institución provincial para este fin cun investimento de preto de 600.000€*

A Xunta de Galicia apoiará o funcionamento no curso 2021/22 do Instituto de Educación Secundaria Puga Ramón e do Centro de Formación Profesional Rosalía Mera, ambos dependentes da Deputación da Coruña e situados na cidade herculina. O Consello da Xunta aprobou hoxe a renovación da colaboración, a través da sinatura de dous convenios, coa institución provincial para este fin por importe de 597.022,11€.

O orzamento destinado pola Consellería de Cultura, Educación e Universidade destinarase a financiar durante o vindeiro curso parte dos gastos de persoal (docente e de administración e servizos), gastos xerais (subministración, reparacións), mantemento, limpeza e conservación.

O departamento educativo da Xunta de Galicia vén prestando o seu apoio á Deputación para o soporte destes dous centros educativos desde hai anos, de tal xeito que a renovación desta colaboración dá continuidade ao compromiso da Consellería de manter o servizo público educativo dos máis de 750 alumnos que están escolarizados nestes centros.

A XUNTA INVISTE 20,5 MILLÓNS DE EUROS NA ADQUISICIÓN DE SETE SISTEMAS CIRÚRXCOS ROBOTIZADOS DA VINCI PARA TODAS AS ÁREAS SANITARIAS

- *Con esta sistemas, que axudan a mellorar a destreza e a capacidade cirúrxica na cirurxía laparoscópica, incorpórase ao Servizo Galego de Saúde a técnica de cirurxía robotizada, que supón, entre outras vantaxes, un incremento na seguridade da intervención, así como unha mellora da recuperación postintervención e a redución das complicacións, dos tempos de intervención, das transfusións e a estadía media dos doentes no centro hospitalario*
- *Ademais da compra dos sistemas, o referido orzamento inclúe as actualizacións de software durante a súa vida útil, algo fundamental para poder atrasar a súa obsolescencia*

O Consello da Xunta aprobou esta mañá a subministración e o mantemento integral de sete sistemas cirúrxicos robotizados Da Vinci con destino a hospitais das sete áreas sanitarias do Servizo Galego de Saúde, así como as actualizacións de software necesarias durante a súa vida útil. Esta actuación implica un investimento de 20.509.500 euros e ten unha duración do contrato de 8 anos e 3 meses.

Na actualidade, os sistemas robóticos cirúrxicos axudan a mellorar a destreza e a capacidade cirúrxica na cirurxía laparoscópica, fundamentalmente a falta de precisión derivada da redución da capacidade do cirurxián para a manipulación cirúrxica e da perda da sensación de profundidade que provoca a visión en dúas dimensións. O aumento e a mellora da destreza permítenlle ao cirurxián realizar manipulacións que, sen este sistema, nalgúns casos serían imposibles.

Entre as principais propiedades dos sistemas robóticos actuais están visión en tres dimensións con aumento de tamaño e resolución da imaxe, ou a eliminación do tremor fisiolóxico que permite a utilización de instrumental articulado, máis pequeno e con maior mobilidade, entre outras.

Os beneficios derivados da utilización dos sistemas cirúrxicos robotizados para os pacientes inclúen unha maior seguridade e calidade, diminución da morbimortalidade, menor perda sanguínea, diminución de estandía media no centro hospitalario, incisións máis pequenas, menor dor postoperatoria e unha reincorporación máis rápida á vida ordinaria.

Para os profesionais, as vantaxes máis salientables son a diminución da dificultade cirúrxica, unha maior precisión, a posibilidade de acceso a zonas complexas, unha excelente visualización e unha maior precisión nos movementos. En canto aos hospitais, as melloras proporcionadas polos sistemas Da Vinci tradúcense na

INFORMACIÓN AOS MEDIOS

realización dun menor número de transfusións, menor tempo operatorio, menor estadia media dos doentes e menor número de complicacións intraoperatorias e postoperatorias.

Coa adquisición destes sistemas cirúrxicos robotizados, a Xunta de Galicia busca responder á necesidade de dar unha correcta cobertura sanitaria á poboación das áreas de referencia mellorando os servizos de atención sanitaria. Por outra parte, o mantemento e a actualización continua do equipamento tecnolóxico e os seus compoñentes asociados é esencial para garantir a seguridade dos pacientes e dos profesionais que o utilizan. Tamén é necesaria para acadar unha xestión óptima do equipamento, co obxecto de optimizar e prolongar a súa vida útil, altamente dependente do plan de mantemento e das súas actualizacións periódicas. Así mesmo, estes sistemas caracterízanse polo seu alto compoñente de software, o que fai moi relevante, case imprescindible, contemplar as súas actualizacións para retardar a súa obsolescencia.

A subministración obxecto deste expediente de contratación é susceptible de financiamento ao 100% no marco do eixe REACT-UE do programa operativo Feder Galicia 2014-2020, como parte da resposta da Unión Europea á pandemia da COVID-19.

AS AXUDAS DA XUNTA PARA O FOMENTO DAS RENOVABLES PERMITIRÁN ÁS EMPRESAS, AUTÓNOMOS, ENTIDADES SEN ÁNIMO DE LUCRO E ADMINISTRACIÓNS LOCAIS AFORRAREN 500.000 EUROS AO ANO

- *O Consello da Xunta avalía a nova convocatoria de apoios para proxectos de aforro enerxético e uso de enerxías limpas aos que se destinan 2,65M€*
- *De concorrencia competitiva, ofrece axudas para instalacións de biomasa, xeotermia, aerotermia e solar térmica*
- *Permitirá mobilizar 4,5M€, aforros anuais de 1,25 millóns de litros de gasóleo e unha redución das emisións de CO2 equivalente á plantación de 185.000 árbores*
- *A Xunta compromete este ano un total de 14,25M€ ás convocatorias de enerxías renovables destinadas tanto aos cidadáns como ás empresas, entidades sen ánimo de lucro, administracións locais e sector agrícola primario*

O Consello da Xunta de Galicia avaliou esta mañá a nova convocatoria para fomentar proxectos de aforro enerxético a través das enerxías renovables coas cales as empresas, autónomos, entidades sen ánimo de lucro e administracións públicas locais poderán aforrar ao redor de 500.000 euros anuais nas súas facturas.

Esta liña, de concorrencia competitiva, conta cun orzamento de 2,65M€ que contribuirá ao aforro enerxético pero tamén á reactivación da economía galega e da competitividade empresarial. Apoiará a instalación de proxectos de biomasa tanto en empresas como para autónomos, entidades sen ánimo de lucro e concellos, e iniciativas de xeotermia, aerotermia e solar térmica no tecido empresarial, incluído o colectivo autónomo. A contía das axudas será dun 80% para as administracións e entidades e dunha media do 60% para as empresas e autónomos, cun máximo de 250.000 euros por proxecto.

Grazas a estes apoios, está previsto mobilizar ao redor de 4,5M€ no sector; acadar aforros anuais de 1,25 millóns de litros de gasóleo e reducir en 3700 toneladas de CO2 ao ano as emisións, o equivalente á plantación de 185.000 árbores. A Xunta segue apostando, deste xeito, por fomentar o uso de enerxías renovables para impulsar a mellora ambiental e da calidade de vida dos galegos e galegas. As axudas contribuirán, ademais, á creación de emprego e a aposta pola biomasa permitirá reducir os custos enerxéticos dos beneficiarios, polo que sumarán no obxectivo de impulsar a reactivación económica e a competitividade empresarial.

A Xunta aprobou na última convocatoria axudas para desenvolver un total de 148 iniciativas. En concreto, concedéronse 56 para proxectos de biomasa en concellos por un importe de algo máis de 941.000 euros; 25 para iniciativas de biomasa en empresas e para autónomos por 329.000 euros; e 7 actuacións de biomasa en entidades sen fins

INFORMACIÓN AOS MEDIOS

de lucro por 321.000 euros, ademais de diversos proxectos de empresas e autónomos: 47 de aerotermia (preto de 515.000 euros), 9 propostas de xeotermia (287.000 euros) e 4 de solar térmica (case 32.000 euros).

Galicia mantén, deste xeito, o seu compromiso cunha Galicia máis verde, a través de apoios que buscan fomentar o uso das enerxías renovables e unha maior eficiencia enerxética, tanto no eido dos fogares galegos como das administracións, empresas e entidades sen ánimo de lucro. De feito, este ano destinará 14,25M€ a impulsar proxectos de enerxías renovables a través de diferentes convocatorias para particulares, empresas, autónomos, entidades sen ánimo de lucro, concellos e sector agrícola primario.

A ESTRATEXIA GALEGA DE CAMBIO CLIMÁTICO E ENERXÍA ACELERA A REDUCIÓN DE EMISIÓN NA COMUNIDADE CON MÁIS DE 317 M€ XA EXECUTADOS DAS MEDIDAS PREVISTAS

- *É a conclusión do informe que coñeceu hoxe o Consello e que fai unha avaliación das actuacións levadas a cabo no primeiro ano desde a súa implantación*
- *A primeira parte da Estratexia, o Plan 2019-2023, recolle 171 medidas cun orzamento de 1.280 M€, do cal xa se executou unha cuarta parte*
- *O maior investimento destinouse á mitigación das emisións, con preto de 268 M€ para a posta en marcha de alternativas dispoñibles en favor dunha mobilidade sustentable ou para a diminución da pegada de carbono da industria*
- *Galicia xa está a cumprir neste momento a ambición climática para 2030 que establece a nova lei estatal, cuxa aprobación está prevista para mañá no Congreso*
- *Neste momento, a Comunidade galega está a contribuír 32 puntos por riba da media nacional aos obxectivos de redución e está moi preto da UE, por riba de países como Croacia, Bélxica, Francia ou Italia*
- *Este mes vai ser convocada por primeira vez a Comisión interdepartamental para o impulso e coordinación da Estratexia, co fin de analizar polo miúdo esta análise e concretar as próximas liñas que cómpre seguir*

A Estratexia galega de cambio climático e enerxía 2050, con máis de 317 millóns de euros xa executados das 171 medidas previstas ata 2023, está a acelerar a redución de emisións na Comunidade por riba da media nacional e en liña cos obxectivos que marca a Unión Europea.

Esta é a conclusión do informe que coñeceu hoxe o Consello da Xunta e que fai unha avaliación da execución das medidas no primeiro ano transcorrido desde a implantación da Estratexia e do seu Plan rexional integrado 2019-2023 —a primeira parte na que se divide—, ambos aprobados en outubro de 2019. É dicir, ata decembro de 2020. Así mesmo, a análise recolle unha revisión da situación actual dos obxectivos de redución de gases de efecto invernadoiro en Galicia en comparación cos obxectivos nacionais e europeos en materia de clima e enerxía.

Cabe lembrar que a Estratexia galega foi unha ferramenta pioneira ao converter Galicia nunha das primeiras rexións europeas que pasou a formar parte da solución do cambio climático. Así, pasou a ser a folla de ruta da Xunta para blindar o futuro da Galicia Verde, cos obxectivos de ser ambiciosa, conseguir a neutralidade climática antes de 2050, reducir as emisións e avogar por un modelo enerxético baseado nas enerxías limpas e a mellora da eficiencia enerxética en todos os sectores.



INFORMACIÓN AOS MEDIOS

Con estas metas, o Plan ata 2023 recolle 171 medidas, cun orzamento de 1.280 millóns de euros, dos cales unha cuarta parte, os citados 317 millóns, xa se executaron durante o primeiro ano de vixencia. Neste momento hai 114 medidas en marcha e 53 están en estudo, mentres que as restantes 4 xa finalizaron a súa implantación.

As actuacións, dependendo da súa tipoloxía, están estruturadas en catro grandes bloques: mitigación das emisións de gases de efecto invernadoiro; adaptación aos seus impactos; investigación das súas causas, evidencias e efectos; e dimensión social, gobernanza e sensibilización para acadar unha sociedade formada, sensibilizada e resiliente a este fenómeno.

Durante o primeiro ano da Estratexia, foi no ámbito da mitigación onde se concentrou a maior execución de orzamento, con preto de 268 millóns de euros, e, dentro del, salientou a posta en marcha de alternativas dispoñibles en favor dunha mobilidade sustentable, cun investimento nun ano de 132,6 millóns. Entre outras medidas, fomentouse o cambio modal a transportes máis eficientes, impulsando o transporte colectivo, e potenciouse o uso de vehículos alternativos e infraestruturas de recarga nos ámbitos marítimo e terrestre.

Así mesmo, destináronse 43,3 millóns coa intención de mellorar a capacidade de absorción do sector forestal e fomentar os produtos madeireiros como depósitos de carbono, a través, por exemplo, do uso da madeira fronte a outros materiais. Mentres, para incrementar a competitividade da industria diminuíndo a súa pegada de carbono, executáronse 36,4 millóns entre axudas a proxectos de aforro e eficiencia enerxética no sector ou para o fomento da xeración de enerxía eléctrica con fontes renovables.

Implantar a cultura da eficiencia enerxética

Co fin de implantar a cultura da eficiencia enerxética na sociedade e camiñar cara a un modelo baixo en emisións, a Xunta xa investiu 22 millóns en axudas destinadas á vivenda, ás persoas en situación de pobreza enerxética e á instalación de renovables. Ademais, coa intención de converter o sector primario en hipocarbónico, investíronse preto de 22 millóns para xestión do gando —co obxecto de reducir as emisións de gases de efecto invernadoiro— e para a utilización de instalacións, equipamentos e maquinaria agrícola en réxime asociativo.

Dentro da liña de actuación *Menos residuos, menos emisións*, o Goberno galego executou máis de 7,5 millóns para fomento da compostaxe, redución do refugallo alimentario e dotación de contedores; e, para pechar a epígrafe de mitigación, cómpre subliñar as accións, por importe de 3,9 millóns, centradas na preservación dos hábitats, traballando con concellos incluídos na Rede Natura e os parques naturais.

Por outra banda, a execución foi de preto de 16,5 millóns de euros no primeiro ano do bloque da adaptación, con obxectivos tan fundamentais como a consolidación dunha

INFORMACIÓN AOS MEDIOS

estrutura de redes de observación como instrumento de mellora da monitorización — 5,52 millóns—, a través de traballos para o desenvolvemento da investigación, seguimento e medidas de adaptación ao cambio climático.

Mentres, para conseguir un sector agrícola adaptado ao cambio climático, investíronse 7,85 millóns en actuacións como a loita contra o abandono e recuperación de terras; as accións de transferencia de tecnoloxía e xestión entre agricultores e gandeiros ou a relacionada co asesoramento a persoas físicas ou xurídicas titulares de explotacións.

Ademais, co fin de reducir a vulnerabilidade da poboación ante os riscos xerados polo cambio no clima, investíronse xa máis de 2,2 millóns en medidas como as destinadas á mellora da dotación de equipamentos, instalacións e infraestruturas de Protección Civil, prevención e xestión das inundacións na Demarcación Hidrográfica Galicia-Costa ou o mantemento dos sistemas existentes de seguimento de enfermidades transmitidas por vectores, aquelas causadas por parasitos, bacterias ou virus.

6,5 millóns para investigación

No marco da investigación, a Xunta destinou nun ano máis de 6,5 millóns para fomentar o intercambio de coñecemento entre os diferentes axentes cuxas competencias estean relacionadas co cambio climático, así como para promover a investigación e innovación neste ámbito.

A restante execución, ata chegar ao total dos 317 millóns, está dentro do bloque de dimensión social, gobernanza e sensibilización, con preto de 26,3 millóns. Entre as medidas salientan, dentro da aposta por unha Administración pública exemplar en materia de cambio climático, as actuacións de eficiencia enerxética en centros sanitarios, administrativos, sociais, educativos, universitarios e culturais.

Así mesmo, cómpre destacar a creación da Oficina Técnica do Pacto dos alcaldes polo clima e a enerxía, establecida pola Xunta para crear un marco de gobernanza e de colaboración estable e duradeira coas administracións locais en materia de cambio climático. A través da oficina, 271 concellos —que representan o 80% da poboación— xa se comprometeron a reducir as súas emisións e xa presentaron 175 plans de accións co compromiso de reducir conxuntamente un 40,3% as súas emisións para 2030, así como para diminuír nun 17,5% o consumo enerxético.

Un grao de ambición superior á Lei estatal

Ademais do balance exposto, o informe analiza os avances na loita fronte ao cambio climático de Galicia, España e a Unión Europea. Neste momento, a UE está a revisar os seus obxectivos, que a partir de agora se marcan reducir as emisións de gases de efecto invernadoiro nun 55% en 2030, sempre con respecto a 1990.

INFORMACIÓN AOS MEDIOS

Trátase dunha meta que se pretende incluír na futura Lei europea polo clima, moi lonxe do 23% que o Goberno central se propón para 2030 na súa Lei de cambio climático, cuxa aprobación, precisamente, está prevista para mañá no Congreso dos Deputados. É dicir, malia coñecer a ambición climática da UE, o Ministerio para a Transición Ecolóxica presenta un obxectivo para o ano 2030 moi lonxe do europeo.

Así, tendo en conta que a Estratexia galega prevé unha redución do 24,6% para 2030 — que se vai revisar con base na nova meta comunitaria—, o informe afirma que a ferramenta da nosa Comunidade ten un grao de ambición climática superior ao definido na Lei estatal e, ademais, está na boa senda para conseguir a neutralidade climática no ano 2050 —outro dos fitos marcados pola UE—.

De feito, cunha redución actual, segundo os últimos datos dispoñibles, dun 23,8% respecto a 1990, Galicia está moi preto dese obxectivo e xa está a cumprir neste momento a ambición climática que a Lei estatal establece para 2030 —dous puntos por riba—. Polo tanto, a Comunidade avanza no proceso de descarbonización cara ás metas establecidas pola UE e, ademais, faino máis rápido que o resto de España.

Con ese -23,8%, a Comunidade galega está a reducir actualmente as emisións 32 puntos por riba da media nacional, xa que o conxunto do Estado emitiu de media un 8,5% máis desde 1990. Así mesmo, está moi preto do -28,1% da UE.

Nesta mesma liña, a ratio de Galicia respecto ao total das emisións de España continúa a diminuír: foi dun 10,1% en 1990, pasou a un 8,3% en 2005 e xa está nun 7,1%. De feito, a nosa Comunidade é unha das tres que máis está a reducir as súas emisións xunto con Asturias e Castela e León, e na comparativa con Estados membros da UE, a cifra é mellor que a de países como Croacia, Bélxica, Francia ou Italia, e está lixeiramente por debaixo de Finlandia ou Suecia.

Por último, cómpre incidir en que o ano pasado a nosa Comunidade foi unha das dúas, xunto a Castela e León, con máis produción de enerxía de fontes renovables. De feito, actualmente o 56,1% da xeración eléctrica en Galicia é de orixe renovable, por enriba de España (38,4%) e da UE (28,5%).

Mentres, a penetración de enerxías renovables no consumo final é neste momento do 37,2%, tamén superando a España (18,4%) e á UE (19,7%), e moi preto do 42% que para 2030 marcará a Lei estatal que se aproba mañá.

Os datos visibilizan que, grazas ao seu esforzo, Galicia está a converxer máis coa senda da Unión Europea que coa evolución do conxunto de España.

Próxima revisión da Estratexia

INFORMACIÓN AOS MEDIOS

En canto aos próximos pasos que se van dar, o informe sinala que a situación actual, condicionada polo novo marco europeo en materia de cambio climático, o impacto da pandemia e o proceso de reactivación económica para afrontar nos vindeiros anos, aconsella iniciar un proceso de revisión dalgúns dos elementos da Estratexia. Ademais, a análise tamén abunda na oportunidade para construír o novo modelo económico que representan os fondos Next Generation e os fondos procedentes do Marco financeiro plurianual da UE.

Para tales efectos, neste mes de maio vai ser convocada por primeira vez a Comisión interdepartamental para o impulso e coordinación da Estratexia galega de cambio climático e enerxía 2050, co fin de analizar polo miúdo este informe, concretar as próximas liñas que cómpre seguir por parte da Xunta e estudar, como se dixo, os obxectivos marcados para 2030 no camiño de converxer coa UE.

A Estratexia é o resultado do traballo e colaboración entre os distintos departamentos da Administración galega con implicación na loita fronte a este fenómeno que, xuntos, seguen acadando avances na consecución das diferentes medidas establecidas.

A XUNTA DESTINA MÁIS DE 1,1 MILLÓNS DE EUROS PARA PROGRAMAS DE CRIBADO, DIAGNÓSTICO E VACINACIÓN DA COVID-19

- *Adquírense materiais e outros consumibles como agullas hipodérmicas, sistemas de recollida e transporte de mostras, ademais de tests de antíxenos nasofarínxeos*
- *A este orzamento hai que engadir outros 44.000 euros para a realización de diversas actuacións e subministracións para a Área Sanitaria da Coruña e Cee*

O Consello da Xunta autorizou esta mañá a tramitación de urxencia dun expediente de contratación, por valor total de 1.128.550 euros, para subministrar material para programas de cribado e diagnóstico, así como para vacinación contra a COVID-19.

Unha das actividades complementarias á atención sanitaria propiamente dita para a contención da pandemia é a realización de programas de cribado e diagnóstico da COVID-19 ao maior número de poboación afectada. En canto ao Plan de vacinación do virus SARS-CV-2, aprobado en Consello da Xunta o pasado 17 de decembro, busca xerar progresivamente a inmunidade de grupo necesaria na poboación gallega, de tal xeito que permita superar a crise sanitaria actual.

Neste contexto faise necesaria a adquisición de materiais para levar a cabo estas actividades. Este orzamento inclúe a compra de 175.000 unidades de tests rápidos de detección de antíxeno COVID-19 nasofarínxeos, por un importe total de 565.000 euros, e de 100.000 sistemas de recollida e transporte de mostras de saliva cun custo de 350.000 euros. Tamén se compran agullas hipodérmicas con dispositivo de seguridade, concretamente 1.500.000 unidades por valor de 90.000 euros. Complétase esta compra coa adquisición de diversos materiais como *gradillas* de plástico para tubos e outras subministracións para laboratorio.

Nesta mesma xuntanza do Consello aprobouse a contratación, tamén polo trámite de urxencia, da realización de diversas actuacións e subministracións para a Área Sanitaria da Coruña e Cee por importe de 44.125 euros. Destacan principalmente, neste caso, os 18.457 euros para servizos de informática e 17.331 euros para tarefas de mantemento de instalacións. Hai tamén unha partida para mobiliario de 4.203 euros, ademais doutras para material de transporte, maquinaria e aparellos.

A adquisición de todo este material e da contratación de obras e servizos detallados xustifícase dentro do protocolo de actuación para facer fronte á epidemia da COVID-19 que elaborou no seu día o Comité de expertos no seguimento do coronavirus e que recolle, entre outras medidas, a necesidade de facer provisión de materiais e recursos necesarios no caso de posibles repuntas. O Comité de expertos está formado pola Dirección Xeral de Saúde Pública da Consellería de Sanidade e a Dirección Xeral de

INFORMACIÓN AOS MEDIOS

Asistencia Sanitaria do Sergas, a Fundación Pública Urgencias Sanitarias de Galicia-061, representantes das áreas sanitarias e representantes médicos especialistas en enfermidades infecciosas e de urxencias hospitalarias.



INFORMACIÓN AOS MEDIOS

A XUNTA DESTINOU CASE 6 M€ NOS ÚLTIMOS CATRO CURSOS ESCOLARES A IMPULSAR O CONSUMO DE LEITE E FROITA ENTRE AS NENAS E OS NENOS GALEGOS

- *O Consello do Goberno galego avaliou hoxe o informe da Consellería do Medio Rural sobre o programa implementado desde o curso 2017/18 para promover hábitos alimentarios saudables entre os máis pequenos da nosa Comunidade*
- *A iniciativa beneficia cada curso unha media de 121.213 nenos e 471 centros no caso da froita, e 39.615 alumnos e 218 escolas no que respecta ao leite*
- *Á espera dos resultados deste curso, desde 2017/18 distribuíronse nos colexios galegos máis de 469 toneladas de froitas e case 906.000 litros de leite, cunha baixada o ano pasado por mor do peche de escolas derivado da COVID-19*
- *No vindeiro curso, Galicia terá un orzamento para o programa superior aos 1,2 millóns de euros, que permitirá atender o 100% da demanda de leite e ao redor do 80% da de froita, o que suporá mellorar os resultados dos últimos anos*
- *Cómpre destacar que teñen preferencia os produtos de tempada, con orixe en Galicia e procedentes de sistemas sustentables e respectuosos co ambiente*

O Goberno galego avaliou hoxe o informe da Consellería do Medio Rural sobre os resultados do programa galego de consumo de leite e froita nas escolas nos últimos catro anos, desde a entrada en vigor da Estratexia española para a aplicación do programa escolar de froitas, hortalizas e leite desde o curso escolar 2017/18 ata 2022/23, elaborada polo Ministerio de Agricultura, Pesca e Alimentación (MAPA) en aplicación do programa deseñado para o efecto pola Unión Europea, para impulsar conxuntamente o consumo de leite e froitas nos colexios.

En concreto, a Xunta leva destinados case 6 millóns de euros nos últimos catro anos ao seu programa galego de consumo de leite e froita nas escolas, cunha media por curso de 121.213 nenos e 471 centros beneficiarios das reparticións de froita, e de 39.615 alumnos e 218 escolas no caso do leite. Canto ao volume de produto, á espera de que se concrete o correspondente a este curso, desde 2017/18 distribuíronse nos colexios galegos 469,31 toneladas de froitas (as máis consumidas son o plátano, a mazá e a mandarina) e 905.990 litros de leite. Isto supón unha media de 500 toneladas de alimentos por ano, cunha baixada rexistrada o ano pasado, debida ao peche de colexios decretado en marzo por mor da COVID-19.

No tocante ao vindeiro curso 2021/22, Galicia terá un orzamento de 537.889,78 euros para o leite e de 703.518,17 euros para a froita (1.241.407,95 euros en total). Con estes cartos, prevese atender o 100% da demanda de leite e ao redor do 80% da de froita, o que permitirá mellorar os resultados dos últimos anos, cando se conseguía cubrir o total do importe das solicitudes de leite pero tan só a metade do das froitas.

INFORMACIÓN AOS MEDIOS

Obxectivos do programa de leite e froita escolar

Os obxectivos xerais da iniciativa en España son potenciar o consumo e demanda dos produtos lácteos e das froitas. Así mesmo, perséguese cumprir cos obxectivos de Saúde Pública para mellorar os hábitos alimentarios e reducir a obesidade da poboación infantil, dirixindo a iniciativa aos alumnos de preescolar, educación primaria, educación secundaria e educación especial e poñendo especial atención nos nenos de 6 a 10 anos.

O programa finánciase mediante o Fondo Europeo de Garantía Agrícola (Feaga), mentres que o IVE é sufragado pola Xunta de Galicia. Os solicitantes da axuda son os propios centros escolares ou os provedores dos produtos (froitarias, supermercados, produtores agrarios, empresas lácteas, etc.), mentres que as familias non teñen que facer ningún tipo de achega económica. Para dar máis efectividade ao programa, complementábase con medidas de acompañamento, como concursos, obradoiros de cociña, visitas a explotacións agrarias, exposicións, materiais lúdicos, etc.

Particularidades do programa galego no curso 2020/21

No caso de Galicia, os produtos acollidos son o leite líquido de consumo (con e sen lactosa) e froitas como as castañas, ameixas, albaricoques, amorodos, caquis, cereixas, figos, mangos, framboesas, laranxas, mandarinas, mazás, melóns, plátanos, sandías... O período de subministración vai de novembro de 2020 a xuño de 2021 e os produtos subministranse durante o recreo.

Cómpre destacar que teñen preferencia os produtos de tempada, con orixe en Galicia e procedentes de sistemas sustentables e respectuosos co ambiente. Nesa liña, as froitas non sofren ningún procesamento e consómense no seu estado natural. As castañas, mentres, preséntanse cocidas ou asadas.

No tocante ás medidas de acompañamento para concienciar os cativos, este ano repartiranse entre os nenos galegos taboleiros de "O xogo do leite" e 107 carriños de cultivo, para que os máis pequenos aprendan a facer a colleita de verduras e froitas. Cabe engadir que, nos últimos anos, se distribuíron tamén 5.000 unidades didácticas dos coñecidos personaxes infantís "Os Bolechas" para a promoción do consumo de froita (*Os Bolechas fan unha merenda con vexetais*) e outras 5.000 para a promoción do consumo de leite (*Os Bolechas visitan unha granxa de leite*).

Por último, cómpre sinalar que o programa de leite escolar principiou en Galicia no curso 1999/2000 mentres que o de froita escolar comezou en 2009/10. Desde ese curso, cando se inaugurou na nosa Comunidade a dobre vertente da iniciativa, investíronse uns 10,5 millóns de euros para promover estes hábitos alimentarios saudables entre os máis pequenos.